

# Fala Londres 1

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



## Así é Galicia

No primeiro trimestre, todo o alumnado de galego estivo facendo un panel expositivo sobre Galicia. O alumnado máis novo fixo un mapa e uns pequenos artigos sobre as 7 cidades máis importantes. O alumnado de cursos máis altos centrouse na importancia do Camiño de Santiago.

In the first term, all the galego students were doing an exhibition panel about Galicia. The youngest students made a map and some small articles about the 7 most important cities. Meanwhile, the higher secondary students focused on the importance of the Way of St James.

## Camiño Inglés

Ademais da presentación xeral sobre a importancia do Camiño de Santiago, o alumnado máis avanzado realizou unha presentación sobre o Camiño Inglés e a súa importancia nas Illas Británicas así como as dúas ramificacións galegas, segundo chegasen ao porto da Coruña ou de Ferrol.


In addition to the general presentation on the importance of the Way of St James, the more advanced students made a presentation on the English Way and its importance in the British Isles as well as the two Galician branches, depending on whether they arrived in the port of A Coruña or Ferrol.



## Outono e Samaín

Esta festividade de orixe celta era unha das máis importantes. Na noite do 31 de outubro ao 1 de novembro, servía para celebrar o final das colleitas e marcaba o inicio do ano novo celta. Con motivo diso, expuxemos os debuxos realizados o ano anterior e merecedores dun premio e compuxemos un libro colaborativo con relatos de misterio.

This festival of Celtic origin was one of the most important. On the night of October 31st to November 1st, celebrates the end of the harvest and marks the beginning of the Celtic New Year. For this reason, we exhibited the drawings made the previous year deserving of an award and we composed a collaborative book with mystery stories.



## Gamificación contos

# Gamificación

Este primer trimestre, utilizamos elementos e estruturas propias da gamificación para motivar o alumnado de cara à lectura de A señorita Bubble. Kahoot ou ClassDojo foron algunha das ferramentas empregadas.

Escenarios, inventos, científicas... foron obxectivo destes xogos interactivos.

This first term, we used elements and structures specific to gamification, to motivate students to read Miss Bubble. Kahoot or ClassDojo were some of the tools used.

Scenarios, inventions, women scientists... were the goals of these interactive games.

## A señorita Bubble

Fixemos unha lectura colaborativa un día á semana desta obra na que unha inventora apareceu por sorpresa nunha vila e se instalou nunha vivenda que levaba moitos anos deshabitada.

We did a collaborative reading one day a week of this work in which an inventor appeared by surprise in a village and settled in a house that had been uninhabited for many years.



## Ledicia Costas

Tras a lectura da obra, o día 10 de decembro, tivemos a oportunidade de ter unha videoconferencia con Ledicia Costas, premio nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no 2015. Ademais, de poder coñecela a través da pantalla todo o alumnado tivo a ocasión de formularlle preguntas relacionadas coa lectura ou aprender certas curiosidades sobre o proceso de creación.

After reading the work, on December 10th, we had the opportunity to have a video conference with Ledicia Costas, national award for Children's and Youth Literature in 2015. In addition, to be able to get to know her through the screen, all students had the opportunity to formulate questions towards her, related to reading or learning certain curiosities about the creation process.



# British Values



A xente da vila sentiu un odio repentino pola señorita Bubble desde o mesmo día da súa chegada. Repudiárona polo seu atavío, polos seus inventos, polo seu singular xeito de vivir. Aproveitamos tamén a acollida da señorita Bubble por parte da xente da vila para tratarmos o tema da discriminación e da integración, consonte o establecido na lexislación británica.

The people of the village felt a sudden hatred for Miss Bubble from the very day of her arrival. They rejected her for her attire, for her inventions and for her unique way of life. We also take advantage of the reception of Miss Bubble by the people of the village to address the issue of discrimination and integration, as established in British law.

## British Values

# Apertas solidarias

Por segundo ano, o alumnado máis novo da ESO realizou postais de Nadal para compartir co alumnado galego. Tamén lle fixemos chegar os nosos mellores desexos ao alumnado das aulas hospitalarias galegas.

For the second year, the newest students of secondary school made Christmas cards to share with the Galician students. We also sent our best wishes to the students of the Galician hospital classrooms.



# Panxoliñas

Aproveitamos o último día do curso antes das vacacións para cantar unha panxoliña tradicional co alumnado máis pequeno e o alumnado maior realizou a adaptación dunha canción navideña que foi interpretada nunha versión bilingüe galego/inglés por unha alumna de 3ºESO e outra de 4ºESO.

We took advantage of the last day of the school year before the holidays to sing a traditional Christmas song with the younger students and the older students made an adaptation of another Christmas song which was performed in a bilingual Galician/English version by a student from 3rdESO and another from 4thESO.

